



O EFECTO FRANKENSTEIN

ELIA BARCELÓ

rodeira

periscopio

O EFECTO FRANKENSTEIN

**PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA XUVENIL**

ELIA BARCELÓ

O EFECTO FRANKENSTEIN

PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA XUVENIL



rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil segundo o fallo do Xurado composto por: Sr. Xavier Brines, Sra. Paula Jarrín, Sra. Rosa Navarro Durán, Sra. Care Santos e Sra. Elena Valencia.

© Elia Barceló, 2019

© Tradución: Belén Rodríguez

© Ed. Gal.: Rodeira, 2019

Rúa Rafael Alberti, 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Deseño da colección: Book & Look

Fotografía de cuberta: Hadis Safari on Unsplash

Fotografía da autora: Nina Eisterer

1ª edición, marzo 2019

ISBN: 978-84-8349-577-3

Depósito legal: B. 5522-2019

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Á memoria de Mary Shelley, pioneira da literatura de ciencia
ficción e de terror; e á súa inmortal novela «Frankenstein ou o
moderno Prometeo» que saíu do prelo hai exactamente
200 anos, en 1818.*

0

Abriu os ollos a unha penumbra onde unha brillante luz alaranxada pintaba raias na parede ao atravesar unha persiana medio aberta. Non sabía onde estaba e por un momento sentiu que afogaba, asustado, porque non recoñecía o teito do cuarto nin nada do que había derredor.

Volveu cerrar os ollos. Ás veces pasaban cousas así, nuns segundos todo volvía ao seu sitio e todo se aclaraba en por si. Abriunos outra vez, paseniño, como dándolle ao cerebro unha oportunidade de se poñer en marcha e ofrecerlle a resposta que buscaba.

Nada. Seguía sen saber onde estaba e por que espartara alí contra a noitiña. Bebería demasiado a noite anterior e algún compañeiro ofreceríalle quedar na súa casa?

Incorporouse de golpe e quedou sentado na cama cun peso no peito que, se non era terror, moito se lle parecía. Non lembraba nada da noite anterior. Nada. A súa mente era un burato negro, un deserto, un baleiro total.

Mirou arredor, perplexo: estivera deitado nunha especie de colchón noxento, cheo de manchas vellas que non quería nin coñecer, e o cuarto que o rodeaba estaba caendo; as paredes escascadas, o marco da fiestra

comido pola couza, o vidro roto por varios sitios, coma se lle estivesen tirando pedras durante anos, o chancheo de cascallos, de papeis de cores que xa case non podía distinguir porque a luminosidade laranxa fora mingando e as sombras amoreábanse nos recunchos daquela casa en ruínas.

Que lle pasaría para espertar alí? Sufriría unha agresión? Atacaríao unha banda de ladróns e deixaríano tirado alí, dándoo por morto?

Tocou a cabeza con coidado. Doíalle un pouco, pero era unha simple dor de cabeza, non parecía que houbese contusións craniais. Remangou as mangas da camisa para mirar os brazos e, na penumbra azul, non distinguiu manchas de sangue nin rabuñaduras ou hematomas. As pernas non lle doían tampouco.

Puxo as palmas das mans sobre o peito e, por sobre da tea, notou unha especie de costuróns en varios lugares; pero non sentiu nada ao premelos, nin dor, nin ardencia, nin ningún tipo de molestia. Quizais fose outra peza de roupa que levaba debaixo e estaba remendada ou cruzada por costuras grosas.

Pensou en quitar a camisa e mirar, pero xa estaba case todo negro e ía frío, así que decidiu saír de alí, ir para a casa e, en canto se sentise a salvo no seu cuarto, acender unha lámpada, pedir auga para un baño, espirse e facer unha exploración detallada do seu corpo.

Volver ao seu cuarto. Volver á súa casa.

Onde vivía?

Outra vez o burato negro.

Pasou a lingua polos labios resecos, polos dentes —comprobou con alivio que estaban todos, non

faltaba ningún—, tocou as fazulas que lle picaban, notando que debía de levar un par de días sen afeitarse.

Non lembraba onde vivía.

Colleu o pulso esquerdo entre o índice e o polgar dereitos buscando as pulsacións que, como esperaba, estaban moi aceleradas. Tiña que saír de alí, aínda que non soubese onde ía. Necesitaba exercicio, actividade, para non tolear.

Púxose en pé e saíu do cuarto, tenteando as paredes, coma un cego que acaba de quedar sen a vista. O plano da casa non lle resultaba descoñecido, pero non o daba relacionado con nada. Baixou as escaleiras con coidado; aqueles chanzos de madeira que estralaban baixo o seu peso non lle inspiraban moita confianza, pero non había outra maneira de chegar á planta baixa e, de aí, ao exterior.

Cruzando un cuarto en ruínas que noutros tempos puido ser unha cociña, conseguiu por fin saír ao aire libre, e o ventío, aínda que frío, resultoulle tonificante. Xa era case de noite, pero o ceo conservaba, ao poñente, unha fermosa cor alaranxada con vetas carmesí e o xogo de cores reflectíase no Danubio que naquel punto, fronte á casa, se remansaba un pouco.

Desde algún lugar próximo chegábanlle fragmentos de música e de conversas e risas, coma o eco dunha festa. Virou a cabeza cara a arriba ao oír unha badalada e veulle un nome á mente: a catedral de Nosa Señora a Bela.

Ao repetir o nome para si mesmo dentro del relaxouse algo. Se sabía poñerlles nome á igrexa e ao río da súa cidade, sabería tamén onde se atopaba, non tiña máis que seguir buscando na memoria.

E se cadra, con sorte, incluso chegaría a saber quen era el. Porque o que non quixera aínda confesarse a si mesmo era que non lembraba o seu propio nome; que, polo menos de momento, non sabía quen era.

1

Nora camiñaba a longos pasos pola rúa paralela á beira do río tropezando coas malditas saias longas do disfrace de Entroido. Mellor lle fora disfrazarse con algo máis cómodo, pero Sarah emprestáralle aquel vestido de dama do século XVIII con bolsiño, perruca e todo, e deixárase convencer, aínda que ela sempre se disfrazara de vampira, de bruxa e de cousas semellantes.

Nin sequera sabía se facía ben indo a unha festa onde non coñecía practicamente ninguén, pero levaba xa uns meses en Ingolstadt e, entre as clases, os primeiros tests, afacerse a comprar, guisar e facelo todo soa, e as dificultades para relacionarse con xente doutra mentalidade, non conseguira aínda facer un círculo de amigos. Así que, cando Sarah a invitara a aquela festa e incluso lle emprestara o vestido, aceptara enseguida. A parvada era que non puidera chegar antes porque tivera que coidar de Marie durante dúas horas debido a que seus pais tiñan que ir a unha reunión da gardaría que elixiran para a pequena. Non puidera dicirlles que non, e agora trataba de atopar o lugar onde se celebraba a festa.

Parou un instante para recuperar os folgos e botarlle unha ollada ao GPS do seu móbil. Supostamente debía de estar moi cerca xa. Axustou a perruca sobre as

orellas e, xa ía botar a andar outra vez, cando un berro desesperado a deixou seca, mirando a todas as partes para localizar a fonte do son.

—Socorroooo! —berraba unha voz de muller— Socorroooo! Que alguén me axude! A miña neta afoga! Socorrooo!

Levantando as saias case que ata a cintura, botou a correr cara a onde lle parecía que estaba a muller e un par de segundos máis tarde localizáraa, á beira do río, metida na auga ata os xeonllos, ofrecendo os brazos cara a un vulto que flotaba, afastándose dela.

Por sorte, naquela zona a corrente non era tan forte coma noutros lugares. Arrancou a perruca branca cos seus lazos e as súas bolboretas, sacou o vestido pola cabeza, sen molestarse en abrir a cremalleira, e guindouse á auga sen pensar no fría que podía estar.

Estaba conxelada.

O seu primeiro impulso foi saír inmediatamente e secarse co que fose. Pero os berros da nena e da avoa estimulábana, e ela era boa nadadora.

Deixouse levar pola corrente, dando potentes brazadas que a acercaban cada vez máis á pequena ata que conseguiu alcanzala e suxeitala. A nena agarrouse a ela coma un moniño e a piques estivo de arrastrala ao fondo coas súas patadas e os seus brazos que lle apertaban a gorxa, case afogándoa. Tratou de acomodala de maneira que non puidese dificultarlle os movementos, pero ao virarse para poñer a nena de costas contra o seu peito, un obstáculo no caudal do río chocou fortemente con elas e separounas outra vez. Unha póla que flotaba á deriva, pareceulle.

Volveu nadar con furia cara ao centro da corrente, conseguiu aferrar o anorak da pequena e atraela cara a si, pero desta vez xa non houbo patadas nin brazos enroscándose na súa gorxa. Ou perdera o coñecemento, ou algo peor.

Por un momento, abrazando a nena, deixouse arrastrar sen máis. O frío da auga era tan intenso que empezaba a sentir todo o corpo adormecido, agarrotado. Custáballe nadar e notaba como a calor do corpo ía desaparecendo pola cabeza, polo pelo mollado que cada vez se poñía máis frío.

Á altura da ponte, onde a corrente se estrelaba contra un dos piares, unha onda pasoulles por encima, somerxéndoas por uns instantes, e Nora pensou que se acabara, que non o conseguiría, pero nese momento, outros brazos xurdidos da escuridade axudárona a flotar e a dirixirse cara á beira coa súa carga inmóbil.

Cando por fin tocaron terra, deixáronse caer na lama, esgotados, arquexando polo esforzo, pero aliviados e contentos de saír con ben daquilo. A avoa acercábase a correr, murmurando agradecementos entre bágoas, cun móbil aceso na man.

—Chame a ambulancia! —gritou Nora.

—Está ben? Está ben Tini?

Os farois acendéranse xa e, á súa luz perlada, Nora viu que a nena estaba quieta, cos ollos cerrados, deitada de costas coma unha boneca abandonada na beira. Debía de ter uns tres anos.

O mozo que as axudara mirábaa, desolado. Os seus ollos cruzáronse durante uns segundos mentres oían a

muller falar por teléfono, dar o enderezo e explicar o que sucedera.

Nora foi a primeira en reaccionar: axeonllouse ao lado da pequena inmóbil, púxo a de lado tratando de que vomitase a auga que tragara, inclinoulle a cabeza cara a atrás, abriulle a boca, meteu o dedo dentro para asegurarse de que non houbera algunha herba no interior, apertoulle o nariz e, deseguido, poñendo a súa boca contra a da nena, empezou a facerlle a respiración artificial mentres o mozo preguntaba en voz baixa, case máis para si mesmo que para as que o escoitaban: «Pero que fai? Que está facendo? A nena morreu, non ten pulso. Non hai nada que facer.»

Nora apartouse para inspirar de novo, comprendeu o que dixeran o mozo, e empezou coa masaxe cardíaca. Trinta compresións, dúas insuflacións, trinta compresións, dúas insuflacións... ritmo rápido, unha vez, outra vez, outra vez, sen deterse un momento, sen deixar de contar.

Uns minutos máis tarde, apareceu a ambulancia. Todo se encheu de luces azuis xiratorias e ouveos de sirena.

—Está viva? —preguntaba a avoa— Está viva?

Como en resposta, a nena abriu os ollos e rompeu a tusir, expulsando así a auga que tragara. A avoa abalanzouse sobre ela, pero antes de que puidese abrazala, collérona dous padioleiros, metérona no vehículo e momentos despois, todos desapareceran.

—Re... resucitou? —preguntou o mozo, mirándoa abraiado.

Nora sacudiu a cabeza, levantouse e botou a andar na dirección na que debía de estar a súa roupa.

El seguíuna. Por sorte, pensou, non tivera que espirse de todo diante daquel descoñecido; debaixo levaba un *body* completo de pantalón longo que puxera para non pasar frío co vestido tan fino.

—Non, home, non estaba morta —contestou, ao notar o importante que parecía ser para o mozo—. Pero podería estalo se a deixamos un pouco máis. Pobre cativa! Como se lle ocorrería meterse na auga, con este frío e case de noite?

—Foi vostede moi valente —dixo el.

—Ti tamén —virouse a miralo ao caer na conta de que lle falara de vostede. Que clase de tipo raro era? Ía vestido como para facer parella con ela, cunhas calzas con medias brancas e unha camisa de mangas amplas e adobío de volantes no peito. Se cadra invitáranos á mesma festa—. E... a todo isto... grazas —engadiu—. Se non fose por ti, afogabamos as dúas.

Chegaran ao lugar onde quitara o disfrace e, malia estar empapada, púxoo. Estaba morta de frío, igual ca el, que tremía, aínda que trataba de disimulalo.

Por fortuna o móbil estaba dentro do bolsiño que tirara no chan, e seguía funcionando. Chamou un taxi dicindo que era moi urxente e, facéndolle xestos ao mozo para que a seguise, saíu á rúa paralela ao río e colocouse debaixo dun farol para que o taxista os vise nada máis dobrar a esquina.

—Nunca vira unha cousa así —dixo el, aínda pasmado—. Pode explicarme que fixo, Fräulein? A nena non tiña pulso, podería xurala sobre a Biblia.

Pero que raro fala o tipo este!, pensou Nora antes de contestar:

—Fíxenlle o que faría calquera socorrista: respiración artificial e masaxe cardiorrespiratoria. O normal. Ben, e tivemos sorte, claro. Anda, ven comigo á casa. Temos que cambiarnos se non queremos pillar unha pulmonía.

Nora abriulle a porta do taxi e practicamente o empurrou dentro. Axiña se puxo a explicarlle ao taxista por que estaban mollados, antes de que o home os botase do seu vehículo e, aínda que de mala gana e, como xa sentaran, acabou por levalos onde querían ir.

No curto traxecto, o mozo mirábao todo con ollos espantados, en silencio, mentres os tremores lle sacudían o corpo. Máis ca frío, Nora tiña a sensación de que tremía de nervios, ou de medo, e a ela parecíalle moi estraño e misterioso. Por que tería que ter medo, agora que xa pasara todo? Sería o choque?

El mirábaa de esguello, sen saber que pensar, sen saber onde estaba, cada vez máis angustiado. Baixaron nunha das canellas do centro, subiron unha escaleira empinada ata o terceiro piso, a moza abriu a porta e, de súpeto, todo se encheu de luz.

Do teito penduraba unha lámpada como el non vira na vida, sen lapa e sen fume, que espaxecía unha claridade que case lle facía dano na vista. E na casa estíbese tan quente coma se levasen todo o día acendendo lume tras lume.

Ela quitou os zapatos, abriu unha porta, desapareceu no cuarto e axiña se empezou a oír ruído de auga corrente. Aquilo era cada vez máis estraño.

Un soño! Iso era! Un estrañísimo soño do que axiña despertaría. Tiña que ser un soño, porque todo sucedía

na cidade onde estudaba, pero nada era exactamente coma na vida real.

—Toma, sécate un pouco —dixo a moza, ofrecéndolle un pano azul—. Dúchome nun momento e logo tócache a ti.

Empezou a fretar o pelo mentres botaba olladas ao que o rodeaba: roupa colgada en colgadoiros de parede, moito calzado raro... feminino, a xulgar polo tamaño, e un par de zapatos quizais masculinos tirados polo chan, unha morea de libros nun recuncho. Sería aquela unha casa onde só vivían mulleres? E os zapatos de home? E como se atrevía aquela moza a deixar entrar un descoñecido? Que mellor proba de que se trataba dun soño que o absurdo da situación? Pero dentro dun soño el nunca sentira con tanta claridade a súa roupa mollada, o frío do corpo, o cansazo e a fame que tiña a esa hora.

—Lista! Para que logo digan que as mulleres somos lentas no baño! A todo isto, chámome Nora. Tócache a ti. Prefires ducha ou bañeira? —a moza puxera unha bata branca e unha especie de turbante de cor de rosa cubríalle a melena mollada. El trataba de non mirar, pero víanselle as pernas ata os xeonllos e non parecía darlle vergoña ningunha— Veña, ducha! —engadiu, ao ver que el non contestaba—, gástase menos auga e quenta igual. Mentres, vou poñendo un cacao, apetéche? Se cadra incluso queda algo de torta.

El asentiu coa cabeza sen ter nin idea de que lle estaba preguntando, e entrou no pequeno cuarto de baño, o máis pequeno que vira na súa vida, pero amoblado con obxectos que non coñecía. Explorou uns momen-

tos, probou os manubrios que había dentro da bañeira e, ao cabo duns segundos, a auga quente empezou a caerlle encima. Espiuse a todo correr e, botando olladas constantes á porta, que non cerrara por dentro porque non atinara a descubrir o ferrollo, deixouse queutar por aquel marabilloso invento: un caudal de auga quente que non parecía ter fin.

Soaron uns golpes apresurados, abriuse a porta e el cerrou a auga e protexeu a súa nudez coas dúas mans, morto de vergoña. Nunca crera posible esa ousadía nunha moza de clase acomodada.

—Perdoa, esquecera sacarche unha toalla e un albornoz; sinto que sexa tan rechamante —dixo ela, evitando miralo demasiado—. Velaquí tes —dáballe un gran pano, desta vez amarelo, xunto cunha especie de bata de cores—. Se queres afeitarte, deixeiche aí unha maquinaña de usar e tirar nova. Cando acabes, guíndala. Espérote no meu cuarto. A porta do fondo do corredor. E non tardes, se non vaiche arrefriar o cacao.

O baño estaba cheo de vapor, o espello totalmente empanado. Secouse a escape e puxo a horrible bata antes de saír ao corredor. A porta estaba aberta e Nora esperábao no miradoiro, sentada nunha mesa sobre a que fumegaban dúas cuncas de chocolate. Tamén había un grande anaco de torta de nocas que se lle fixo auga na boca só con velo.

Sentou seguindo un aceno da moza e tivo que controlarse para non se botar coma un lobo sobre o pastel. Sentíase coma se houbese días que non comía.

—Sírvede, anda —díxolle. Quitara o turbante da cabeza e a súa melena castaña estaba empezando a rizarse

suavemente ao secar. Seguía vestida coa bata branca, sen nada máis. Tiña uns ollos brillantes e inquisitivos, da cor da cervexa—. Ben, pois xa che dixen que son Nora. Quen es ti?

Gran pregunta, pensou el. Iso. Quen son eu?

—Vaille parecer moi raro, Fraüleien Nora —dixo por fin, despois duns segundos nos que tragou saliva un par de veces—. Non me acordo.

Ela non pareceu demasiado sorprendida. Inclínouse un pouco cara a el e preguntou.

—Desde o do río ou desde antes?

Ao abaixarse quedou á vista un colgante de prata bailando tentadoramente sobre o seu escote: un bufo, o símbolo de Minerva, a deusa da sabedoría; e tamén o símbolo de algo profundo e secreto que ela non podía coñecer. Ou si? Quen sería aquela moza? Filla ou irmá de quen?

Fixéralle unha pregunta curiosa. Interesante. Científica. Volveu mirar o bufo e decidiu dicir a verdade.

—Desde antes. Pouco antes do do río espertei nunha casa en ruínas, por alí cerca, sen memoria de min, nin de todo o meu pasado.

—Sabes polo menos onde estamos?

Asentiu vigorosamente. Había apenas un par de minutos que o cerebro lle subministrara a resposta.

—Ingolstadt.

—Ben! A todo isto, come un pouco primeiro. Perdoa, é que son insoportablemente curiosa...

O mozo serviulle a Nora un anaco de pastel antes de se servir a si mesmo e, controlando a súa impaciencia, cortou un bocado co fío do garfo. Estaba delicioso. Se

o fixera ela, era un excelente partido: guapa, valente, e con boa man para a cociña.

—Lembras onde ías cando oíches berrar a avoa da nena?

—Non ía a ningures. Só quería saír da casa e tratar de ver onde estaba.

—Que é iso? —de súpeto, Nora parecía asustada. Miraba en fite un punto no triángulo do peito que as lapelas do albornoz deixaban descuberto.

El baixou a vista a onde ela indicaba e, sen pensalo, abriu as lapelas para poder mirar o que tanto a impresionara a ela. Á altura do corazón, e en tres lugares máis do torso, varios costuróns destacaban sobre o peito pálido e sen pelo, como feridas profundas cosidas apresuradamente cun cordel de cânabo negro.

Pasou a xema dos dedos sobre as feridas, que aínda non cicatrizaran, pero tampouco parecían frescas. Non sentía nada. Estaban coma acartonadas. Ao tocar a que tiña á altura do embigo decatouse de que máis abaixo había outra, case na ingua.

Levantou a mirada cara á moza, consciente de que era absolutamente indecoroso mostrarlle desamaneira o seu corpo espido, pero sen poder evitalo, como buscando a confirmación de que o que estaba vendo e tocando era real.

Ela ergueuse, achegouse e con «permítesme?» murmurado, pasou tamén os dedos sobre os costuróns. El sentiu un calafrío. Desde a morte de súa nai, aos dez anos, non volvera tocalo unha muller.

—Isto é increíble —dixo ela en voz moi baixa—. Dóече?

El negou coa cabeza.

—Estou soñando, non si?

—Non. A non ser que os dous esteamos soñando o mesmo, non. Esta é a realidade normal.

—A miña non. Aquí todo é raro: as lámpadas, o baño, o vehículo que nos trouxo, a forma de vestir da muller e a nena do río... ten que ser un soño.

Nora apartouse da mesa, saíu do cuarto e volveu ao cabo duns minutos cun par de pezas de vestir.

—Toma, pon isto; son de Toby e non sei como che quedarán, pero é mellor que verte vestido co albornoz de Heike e co peito cheo de feridas mal cosidas que non doen.

—Quen é Toby? Seu irmán?

—Queres deixar de falar-me de vostede? Estas-me poñendo nerviosa. Toby é o meu compañeiro de piso. Aquí vivimos Heike, Toby e mais eu. Eles estudan filoloxía, eu medicina.

—Medicina! Coma min —dixo el de súpeto. E sorriu—. Acábome de acordar! Estudo en Ingolstadt porque é a mellor universidade para química e medicina.

—Agora xa non ten a mesma fama. Trasladaron a facultade a Landshut primeiro, hai un par de séculos, e logo a Múnic. Hai só un ano que a volveron abrir aquí. Eu quería estudar en Viena, pero non había praza. O ano que vén intentarei conseguir o traslado e se cadra podó volver a Austria.

—Eu tamén son austríaco. De Salzburgo —parecía-lle marabillioso ir recordando cousas sobre si mesmo. Tanto, que non podía preguntar todo o que se lle ocorría

ao oíla falar a ela, porque primeiro tiña que volver recuperar a súa memoria completa. Uns segundos antes non sabería contestar se lle preguntase de onde era. Mentres falaban, fora vestíndose de costas a ela e, así que estivo listo, deu a volta para que lle dese o visto e praxe.

Nora quedou mirando para el. A roupa era case do seu talle e estaba guapo con ela, pero dalgún modo parecía que a outra roupa o facía máis real; coas cousas de Toby parecía disfrazado.

—Xa lembraches algo máis. Probamos co teu nome? A ver. Mírame. Eu son Nora... e ti? Xa sabes... eu Tarzán, ti Jane...

—Como dis?

Viu a súa mirada de profunda incompreensión e, para non agonialo máis, continuou:

—Nada. Imos intentalo outra vez. Eu, Nora. Ti...

Mirábao intensamente aos ollos, verdegrises e nesgados, intelixentes, algo oblicuos, sobre uns pómulos altos. Levaba o pelo máis ben longo, louro escuro, e non se afeitara.

—Eu, Nora. Ti...

—Maximilian —dixo de súpeto—. Creo —sorriu con timidez e formáronselle dous buraquiños nas meixelas.

—Imos progresando. Moito gusto, Max —Nora ofreceulle a man para que a estreitase e el xiroulla delicadamente, inclinouse sobre ela e bicouna rozándoa apenas cos beizos, con absoluta naturalidade—. E agora, imos á cociña —engadiu rapidamente para disimular a súa turbación—, a ver que hai pola neveira

para facer unha cea en condicións. Estou morta de fame e temo que o cacao co anaquiño de torta non foi máis ca un aperitivo. Gústache a pasta?

Maximilian encolleu os ombreiros e seguiuna. Só seus pais lle chamaran Max; para o resto do mundo era Maximilian. Pero gustáballe que ela tamén o fixese. Que mágoa que aquilo non fose máis ca un soño! Aque-la moza tiña algo que levaba moito tempo buscando.

* * *

Mentres ela remexía na cociña, el volveu ao baño tratar de seguir o consello de Nora e afeitarse. Custoulle bastante descubrir como funcionaba aquel invento e pasou todo o tempo pensando no rarísimo que lle parecía que houbese un home vivindo con dúas mozas, sen ser familia sequera. Que clase de persoas eran? Que clase de persoas podían ser seus pais, que permitían algo así? E como era posible que Nora estivese estudando medicina? Non era que lle faltase intelixencia, iso estaba quedando cada vez máis claro, pero era unha muller e, xa que logo, xamais a aceptarían nunha universidade. Tería que preguntar máis cousas pero, por desgraza, máis da metade da súa mente estaba ocupada en recordar e, sobre todo, en pescudar de onde procedían esas estrañas cicatrices que lle cubrían o torso.

Mirounas no espello, estupefacto. Por superficiais que fosen aquelas feridas, e non o eran, polo menos dúas delas terían que terlle causado a morte. E aí víñan-lle dúas preguntas á cabeza: por un lado, quen lle fixera

algo así?, por outro, como era posible que sobrevivise e quen lle cosera aquelas feridas?

Se puidese recordar, o máis probable era que lle acudisen á mente as circunstancias do ataque, quizais incluso a persoa que o fixera, e a razón. Pero de momento, coa axuda daquela estraña muller, o único que lembraba era que se chamaba Max, que era de Salzburgo e que estudaba medicina en Ingolstadt.

Que quixera dicir Nora cando comentara que «agora xa non era a mellor universidade», que a trasladaran? El asistira ás súas clases ata había moi pouco, estaba seguro. Ninguén trasladara nada. E ela dixera, ademais, que «había un par de séculos».

Puxo a súa roupa mollada encima duns barrotes metálicos quentes que había no baño, terminou de afeitarse, atopouse medianamente civilizado, e volveu á cociña, de onde saía un olor marabilloso. Mentres tanto, ela vestírase e a súa indumentaria deixouno cravado no limiar: levaba unha especie de calzas negras masculinas, axustadísimas, que nunha muller non deixaban nada á imaxinación e, cubrindo o torso, unha peza solta que permitía ver bastante ben o que levaba debaixo: unha especie de lixeiro *brassière* francés que o obrigou a tusigar e desviar a vista.

Nora puxo a comida na mesa e deulle unha botella de viño tinto para que a destapase. Unha señorita bebendo viño! Abriu a botella sen comentarios e serviu dúas copas, coa esperanza de que ela dixese que non, que era só para el, pero limitouse a sorrir, coller a súa e levantala nun brinde.

—¡Por nós, e a pequena que salvamos! E por que pronto recuperes toda a memoria. Pode ser unha con-

secuencia do trauma que sufriches co desas feridas. Acórdaste de que che pasou?

El sacudiu a cabeza nunha negativa e deulle un trago longo ao viño. Era boísimo. A comida, porén, era profundamente estraña. Ulía moi ben, pero o prato estaba cheo de cousas que non coñecía: unhas tiras longas brancas moi delgadas, como enormísimos vermes, nadando nunha salsa violentamente vermella salpicada dunhas bagas escuras, partidas, e outros vermiños rosados cun anaquiño de cola quitinosa. O único que vira antes nun prato era a ramiña de romeu e unha salpicadura de alfábega.

—Imos comer antes de que arrefría. Espero que non sexas alérxico ás gambiñas. Compreinas onte e son poucas, pero están bastante ben.

O primeiro bocado foi coma unha cambra na boca. Nunca probara ese sabor e era tan intenso que case resultaba excesivo, pero as cousas brancas e longas —algo que obviamente estaba feito con fariña e quizais ovo— neutralizábano un pouco e axiña se acostumou, ata que acabou comendo dous pratos cheos a rebordar.

—Ben —dixo ela, sorrindo satisfeita, coma todas as mulleres que ven como un home aprecia os seus esforzos na cociña—, pois xa probaches os meus famosos espaguetes con tomate, olivas e gambas. Ben?

—Marabilloso.

—Agora imos ver o das túas feridas. Déixasme mirar? Á fin e ao cabo, os dous imos ser médicos.

Max tragou saliva, apartouse da mesa e, xa a piques de quitar a peza de arriba, que non tiña botóns nin nada para desabrochala, volveu negar coa cabeza.

—Non, Fräulein, síntoo. Creo que primeiro teño que aclararme eu só e quizais consultar con algún colega.

Nora quedou mirando para el, primeiro furiosa, logo inexpresiva.

—Ben, como queiras. Entón mellor imos xa para a cama. Foi un día moi longo.

Por un momento, Max quedou de pedra. Non estaría insinuando...? Non. Non era posible. Non sorría. Non o miraba como el vira que certas mulleres miraban os homes nunha esquina escura. Todo era moi estraño, pero estaba seguro de que ela era unha rapaza decen-te. Non podía estar propoñéndolle... As súas palabras interromperon os seus tolos pensamentos:

—Podes deitarte na cama de Toby. Foi pasar a fin de semana de Entroido á súa casa, coma Heike. Seguro que non lle importa. Agora che busco unha manta. Mañá é festa; podemos levantarnos tarde, falaremos máis e seguiremos buscando. Boas noites.

* * *

Debeu de adormecer instantaneamente, porque cando espertou coas badaladas das cinco, atopábase descansado e coa cabeza despexada. A vivenda estaba escura e en silencio.

Estirouse na cama máis cómoda que probara na vida. A temperatura era perfecta e estivo tentado de dar a volta e seguir durmindo naquel soño marabilloso onde, con sorte, ao levantarse volvería ver a Nora; pero algo lle dicía que, se quería empezar a resolver o misterio, tiña que regresar á casa en ruínas onde espertara sen

memoria de si mesmo. E tiña que facelo só. Non podía poñer en perigo aquela deliciosa criatura. Xa a vería de novo cando volveuse ser dono de si mesmo.

Levantouse sixilosamente, cambiou a roupa de Toby pola súa cun calafrío —que lixeiras resultaban en contraste!— e ao asomarse pola fiestra e ver que nevara un pouco durante a noite, decidiu tomar prestada algunha peza, puxo unha chaqueta incrivelmente cálida e lixeira, e, despois de esborranchar unha nota, saíu, coidando de non espertala, e encamiñouse cara á súa facultade. Quería asegurarse da súa simple existencia antes de regresar ás ruínas a explorar.

* * *

Nora abriu os ollos en canto oíu o escorregón da porta ao cerrar. Durmira pouco e mal porque estaba segura de que Max trataría de marchar en segredo, e acertara plenamente, pero non estaba disposta a deixar que un mozo cun trauma coma o seu se lanzase a vagar pola cidade de madrugada; podía pasarlle calquera cousa.

«Non trates de enganarte a ti mesma, Nora. O que pasa é que che gusta o rapaz e non queres perdelo así como así. Se o perdes agora, non tes forma de dar con el.» Dixo a súa voz interior.

«Ben. De acordo. Gústame o rapaz, que pasa?»

«Nada. Vai atrás del. Hoxe en día as mulleres non temos por que esperar a que sexan eles os que dean o primeiro paso. Corre, antes de que se perda polas canellas!»

Vestiuse a todo correr, viu unha nota sobre a mesa, meteuna no peto, mirou pola fiestra, viuno dobrar cara á Kanalgasse, e saíu do piso a fume de carozo calzada coas zapatillas de correr, o que lle permitiu darlle alcance axiña, sen que el se decatase.

Ía cara á universidade vella, e, como ela supoñía, detívose fronte ao que agora era o Museo de Medicina e a Antiga Anatomía, pero que desde o século XV fora o edificio onde se estudaba medicina e onde se facían as diseccións de cadáveres no teatro anatómico.

Viuno parado alí durante varios minutos abaneando a cabeza, lendo unha e outra vez a placa da entrada moderna, apartándose uns pasos, botando atrás o pescozo para ver todo o edificio, facendo pantalla coas mans para mirar a través das cristaleiras do museo, que tiña as luces, apagadas a esas horas. Como se non o recoñecera, coma se non o puidese crer.

Un pensamento que xa xurdira a noite antes no seu interior empezou a crecer na mente de Nora. Era imposible, era unha estupidez, e porén aclararía moitas das cousas raras que notara en Max: a súa comodidade coa roupa antiga que levaba, a súa teima en lle falar de vostede e chamarlle Fräulein, o seu descoñecemento das cousas máis básicas, coma os taxis, as lámpadas e os tomates.

E se era un viaxeiro do tempo? E se viña do pasado?

Nora sacudiu a cabeza para si mesma xusto no momento en que Max botaba a andar de novo, desta vez cara ao río, cara á casa en ruínas da que lle falara.

Non podía ser. Ademais, se fose un viaxeiro do tempo, estaría máis adestrado: sabería o que son os

espaguetes e non a ollaría con esa alarma ao vela vestida con *leggings*.

Un paseante solitario camiñaba onda o río co seu can. Max agachouse nun portal ata que o home se perdeu de vista. Nora esperou tamén.

Uns segundos despois, Max continuou ata unha casa antiga que, efectivamente, era unha ruína no medio e medio dun pequeno xardín tamén totalmente descochado. Cruzouno, entrou por detrás e desapareceu da súa vista.

Nora zougou os beizos, indecisa. Debería seguilo e ver que facía ou onde se metía? Si. Non había máis remedio. Se o perdía agora, quizais non o volvease atopar. Seguiuno sixilosamente.

Atravesou un cuarto que debeu ser unha cociña ou un lavadoiro e desembocaba nun corredor escuro. Os pasos de Max, coidadosos, estalaban na escaleira. Se ela tamén subía, oíríaa de necesidade, pero se, para evitalo, quedaba embaixo non sabería o que el estaba facendo e non tería moito sentido ter chegado ata alí.

Antes de que puidese decidirse, oíuno baixar de novo e apenas tivo tempo para retroceder ata a cociña. Asomou a cabeza con coidado e, como esperaba, viuno recortado contra a primeira luz que se filtraba desde o exterior. Parecía fitar algo que se encontraba ao pé da escaleira e que ela non podía ver desde onde estaba.

Oíu o renxer dunha porta ao abrirse, unha exclamación afogada, uns pasos e de socate nada máis, silencio total.

Ao cabo dun par de minutos, cando estivo segura de que xa non ía pasar máis nada, ousou asomarse ao

corredor que agora estaba iluminado por un sol acabado de nacer, dunha potente cor vermella. Avanzou ata colocarse no lugar onde el estivera e mirou na dirección que recordaba. O único que había era unha simple despensa debaixo do oco da escaleira cerrada cunha porta de madeira con picaporte de metal ferruxento.

Ela oíraa abrirse. Max tiña que estar alí dentro.

Dentro dunha despensa debaixo dunha escaleira? Para que? E por que non saíra xa?

Deu dous pasos lentos, traballosos, en dirección á porta, coa man dereita estendida diante dela, coma se temese que o picaporte lle fose dar un choque eléctrico.

As campás de Nosa Señora a Bela deron a media. As cinco e media.

Rozou o picaporte sen sentir nada en particular, salvo que estaba frío. Apoiou o seu peso nel e a porta abriuse cara a dentro cun renxer de película de terror, cara ao burato escuro que esperaba. Un trasteiro. Non podía ser outra cousa.

E porén...

Desde o fondo sopraba unha corrente suave de vento frío. Deu un paso cara ao interior. E outro máis. Agora parecíalle distinguir unha luminosidade distante, como cando estás nun túnel que se curva e non podes ver a saída, pero intúes a luz ao fondo. Deu dous pasos máis. Para ser unha despensa debaixo dunha escaleira, aquilo era grandísimo. E Max non estaba alí. O silencio era total; se estivese agachado na escuridade, oíría a súa respiración ou polo menos sentiría a súa presenza, a calor do seu corpo. Pero alí non había ninguén.

Seguiu avanzando.

Tiña o estómago encollido de medo, pero a curiosidade era demasiado grande, de modo que, sen facer caso ao que sentía, continuou. Necesitaba ver onde acababa aquel trasteiro, que era a luz que se albiscaba ao final.

Tres pasos máis, unha curva á dereita e alí, ao fondo, xa moi cerca, a luz da rúa. De que rúa? Tragou saliva. A boca quedáralle seca.

Con infinito coidado acercouse á fiestra enreixada pola que brillaba a luz. Detrás había unha rúa, en efecto. Só que se trataba dunha rúa onde, polo menos desde onde ela estaba, non se vía nin un só farol, nin unha papeleira, nin un coche, nin nada que puidese indicar que se trataba dunha rúa da Ingolstadt do século XXI.

Ficou alí uns minutos, transfigurada, esperando a que pasase alguén e poder comprobar a súa teoría, pero o cedo da hora facíalle temer que non sucedería, a non ser que estivese disposta a esperar un par de horas.

Equivocábase.

De alí a uns minutos, un home vestido como para un Carnaval, con calzas brancas, casaca parda e sombreiro de tres picos cruzou por diante dela taconeando sobre as laxes. Detrás del, un rapaciño vestido de forma parecida cargaba unha gran caixa de madeira, posiblemente de ferramentas dalgún oficio que non podía imaxinar.

Afastouse da fiestra, asustada. Non quería que ninguén a vise espiando. E xa se ía retirar cando unha aguda campaiña a fixo volver ao seu posto de observación. Un neno vestido de acólito, levando unha cruz dourada montada nunha longa vara, abríalle paso a un sacerdote que, coas dúas mans diante do peito, parecía

levar unha caixa moi prezada. Outro acólito seguíaos. Os tres camiñaban a todo correr e o home tiña unha expresión de urxencia terrible.

Soáballe ter visto un cadro parecido nalgún museo.

Claro! O viático! Nora recordaba as historias da súa bisavoa, cando lle contaba que, sendo pequena, na vila sempre se oía a campaiña no momento en que o sacerdote acudía a darlle a extremaunción a un moribundo. Seica volvera a un tempo onde iso era perfectamente normal.

Non sería Max o que estaba morrendo?, pensou sobresaltada.

Non, como ía ser Max? Dez minutos antes estaba coma unha rosa.

Por un momento, a tentación de saír e pasearse por aquela Ingolstadt descoñecida foi tan forte que tivo que recorrer a toda a súa sensatez para non facelo. Como ía saír, vestida así? Tomaríana por tola, encerraríana. O menos que podía facer era volver á casa, poñer o disface do día anterior e volver vestida dun xeito máis ou menos aceptable para a época. Non sería ideal, pero polo menos non chamaría tanto a atención. E estaba case segura de onde encontrar a Max.

Dixera que consultaría con algún colega.

O máis probable era que se dirixise dereito á súa facultade.